

SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO 19/20

Todos os membros do colectivo arbitral (árbitros, anotadores, cronometradores,...) deben estar en posesión do seguro deportivo obrigatorio durante a tempada 19/20. O Seguro Deportivo terá vixencia dende o 15 de agosto de 2019 ao 15 de agosto de 2020.

PROCESO DE SOLICITUDE:

Infórmase de que todos os/as membros do colectivo arbitral teñen que solicitar o seguro arbitral mediante a súa área privada (Mi Squad) antes do vindeiro luns 14 de outubro de 2019 ás 20:00 horas.

No vídeo que se achega co email pódese ver o proceso de solicitude.

PAGO DO SEGURO DEPORTIVO:

Unha vez solicitado o seguro, a plataforma xerará unha factura automática por importe de 82,50€ que chegará por enderezo electrónico, a factura debe abonarse antes do 11 de novembro de 2019. Se algún colexiado/a precisa facilidades de pago (aprazamento, fraccionamento, etc..) debe solicitalo mediante o enderezo electrónico d.xeral@fgbalonman.com.

O pago debe realizarse no número de conta:

ES14 2080 5140 9530 4002 4005 (ABANCA)

O concepto que debe figurar na transferencia é o seguinte:

SEGURO ARB. NOME E APELIDOS

CASOS ESPECIAIS:

Os colexiados/as, anotadores/as ou cronometradores/as que posúan a licenza de xogador/a ou oficial non deben solicitar o seguro posto que xa se atopan cubertos coa súa licenza respectiva.

IMPORTANTE: Neste caso deben asegurarse que o clube ten correctamete tramitada e abonada a licenza.

PROTOCOLO EN CASO DE ACCIDENTES:

O Protocolo en caso de accidente pode consultarse na Circular Nº 12 (circulares xerais) na páxina web da Federación Galega de Balonmán.

En Vigo a 10 de outubro de 2019.

